

MATERIAL PARA TRAER Á ESCOLA:

- Mochila sen rodas e branda que eles/as saiban abrir e pechar.
- Botella de auga.
- *Tupper* coa merenda e un mantel individual.
- Mandilón amarelo con botóns grandes e co nome en maiúsculas na parte dianteira.
- Panos de papel.
- Toallíñas húmidas.
- Libro de texto.
- Material escolar variado (xestionado a través do ANPA. Consultar condicións).

OUTRAS RECOMENDACIÓNS:

- A roupa para o colexio deberá ser cómoda: pantalón con cintura elástica, zapatillas con velcro... (evitar botóns, cintos, complementos que poidan entorpecer a súa autonomía...)

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: plan madrugada, transporte, comedor e actividades extraescolares (consultar, algúns dos servizos dependen do ANPA e concretarase a súa oferta a principio de curso).

**TODAS AS SÚAS PERTENZAS DEBERÁN ESTAR ROTULADAS CO SEU NOME. AS PRENDAS EXTERIORES QUE POIDAN SER QUITADAS NO TRANCURSO DA XORNADA TAMÉN DEBERÁN TER O NOME.**



## COMEZO A ESCOLA

4º Educación Infantil



**“SOMOS PEQUENOS,  
PERO NA ESCOLA  
APRENDEMOS AO  
GRANDE”**





Estimadas familias,

En setembro comezará unha nova etapa na vida dos vosos pequenos e pequenas, e dende o CEIP Mestre Valverde Mayo queremos axudarnos a que esta transición sexa o máis levadeira posible.

A entrada na escola supón para os nenos/as un importante cambio. Implica a saída do mundo familiar, un espazo que eles perciben como seguro e coñecido e no cal se senten protexidos. Todo isto muda coa entrada na escola, onde entrarán en contacto cun novo espazo e amplían o seu mundo de relacións. A adaptación é un proceso complexo que require a colaboración de pais e educadores. Algunhas orientacións son:

\*Facer ver a escola como un lugar ilusionante, onde van a ter experiencias enriquecedoras, facer moitos amigos, realizar novas aprendizaxes... Sobre todo **non aproveitar o verán para ameazar aos peques con ir á escola.**

\*Creádelles expectativas reais sobre a escola.

\*A incorporación á escola farase escalonado para poder ofrecer unha acollida máis personalizada, establecer gradualmente unha boa relación afectiva coa mestra, coñecer aos compañeiros, explorar a aula e adaptarse aos distintos momentos da xornada. O **período de adaptación determinarase cando se aprobe o calendario escolar do vindeiro curso.** En setembro facilitaremos os horarios concretos para eses días.

\*Respectar os horarios, tanto no período de adaptación coma durante o resto do curso. Lembra que o horario para o alumando de Educación Infantil é de 9:15 a 14:15 (para evitar aglomeracións o alumnado comezará a entregarse a partires das 14:05).

\*Os pequenos/as quedarán na casa se están enfermos.

\*Facilitade un teléfono no que esteades sempre localizables por se se poñen enfermos, algún escape ou pequenos accidentes dentro do centro.

\*Tende unha actitude positiva cara a escola e confiade nas mestras.

### RECOMENDACIÓNS PARA O VERÁN

O verán debe servir como unha preparación para o colexio, creando hábitos que permitan adaptarse ao centro escolar, en setembro será tarde.

CONTROL DE ESFÍNTERES: a partir dos 24 meses os nenos/as adoitan estar preparados para deixar o cueiro, polo que, se non controla esfínteres aínda, é necesario traballalo no verán. Trátase de crear hábitos de autonomía no WC. O neno/a ten que chegar ao colexio sabendo comunicar as súas necesidades e sentarse so no WC, é dicir, baixándose e subíndose a roupa que traia posta e o resto de accións asociadas a este momento: limparse e lavar as mans. **Na escola non se cambia ao alumando, chamarase para que viñades facelo vós ou alguén que autoricedes.**

HIXIENE: Outro aspecto importante é saber asearse el/ela so en aspectos básicos. É convinte inicialos nos pasos que empregamos para lavar as mans: abrir a villa, mollarse, enxaboarse, aclararse, pechar a villa e secarse. Tamén deben aprendera soarse o nariz por si mesmos.

SONO: é importante acostumalos antes de chegar ao colexio ao ritmo horario do curso: levantarse, asearse, vestirse, almorzar, e chegar á escola. As horas de sono son as horas nas que os cativos asimilan o aprendido ao

longo do día. Nesas rutinas é importante que o propio neno/a saiba vestirse e espirse sen axuda (poñer e quitar o calzado con velcro, pantalón, sudadeira, roupa interior...)

COMIDA: é preciso que os nenos e nenas tomen a comida sen triturar/sólida e que mastiquen ben os alimentos por dous motivos: primeiro porque aprenderán a comer ben e farán mellor a dixestión, e segundo e moi importante, vai favorecer o desenvolvemento da linguaxe oral. Deben comer sos. Para un bo rendemento escolar é importante vir ben almorzado á escola.

LINGUAXE: é recomendable conversar moito co neno/a e aproveitar as actividades cotiás (cando se baña, viste, come, xoga...) para conversar, nomear... os obxectos, alimentos, lugares que nos rodean... Cando esteamos con el/ela, dicirlle o nome dos obxectos que empregamos, explicarlle que facemos, como o facemos e por que... Así estaremos aumentando o seu vocabulario e ademais, dándolle seguridade emocional. Outras actividades que axudan a súa linguaxe son: contarlle contos, cantar, xogar ao "vexo, vexo", xogo simbólico, practicar habilidades sociais... Outro aspecto a sinalar é a importancia de **despedirnos do biberón e do chupete**, xa que poden entorpecer o desenvolvemento da fala e o seu uso prolongado causa problemas (caries, malformacións, retraso da linguaxe...). Tamén estaremos favorecendo a súa linguaxe con accións como: respirar polo nariz, ofrecer un bo modelo adulto, dar tempo para que contesten...

A palabra clave para lograr todo o exposto é:

### AUTONOMÍA.

